

NOVA NARRATIVA GALEGA

COMENTARIO “O SUSO” D’O CREPÚSCULO E AS FORMIGAS DE MÉNDEZ FERRÍN

Para comentar o conto «O Suso» de Méndez Ferrín, incluído en *O crepúsculo e as formigas*, segundo libro de relatos publicados polo autor en 1961, imos basearnos no completo comentario literario que fixo Sonsoles López para a edición de *Xosé Luís Méndez Ferrín. Contos*, publicada en 1988 pola Biblioteca das Letras Galegas de Edicións Xerais.

No relato, a sucesión dos acontecementos presentan unha estrutura moi habitual nos contos de Ferrín: saída + acontecementos + regreso. O autor introdúcenos de súpeto na narración que presenta unha estrutura circular: o último parágrafo relaciónase co comezo. O conto está organizado na estrutura clásica de introdución, nó e desenlace.

Na introdución, Suso vai buscar de noite a Manolito á súa casa para que vexa un rapaz afogado no río. O nó presenta os dous rapaces buscando o afogado pola beira do río Barbaña. Atópao Manolito e o afogado resulta ser Suso. Daquela, volve correndo para a súa casa. O desenlace desenvólvese máis tarde, xa de día, cando os demais rapaces do barrio van á casa de Manolito para dicirlle que o Suso afogara no río.

O tema do relato xira arredor da morte, e o medo é o leit-motiv que está presente ao longo de todo o texto.

Os personaxes do conto son dous, un no que se centra o relato, o Suso, e o que o conta, Manolito. A voz do grupo de amigos aparece ao final coma un coro que ten a función de pechar a historia cun final sorprendente que se relaciona co comezo.

O personaxe principal, o Suso, aparece caracterizado directamente polo narrador: tiña «a cara morena e fina», «os ollos escuros de animal de baixoterra» e «a voz de corneta». A descrición que fai Mano-

lito del non concorda coa súa actuación. O mesmo Manolito estráñase da súa inseguridade. A última vez que o ve aínda está «alto e lonxe», logo aparecerá morto e caído.

Manolito é o personaxe que conta o suceso, coma se se tratase dunha aventura: ten que pasar unha proba –ir de noite ao río– e atoparse coa morte, o que lle causará unha serie de sufrimentos que van producir nel unha transformación.

O espazo e o tempo da historia onde se desenvolven os feitos están claramente delimitados: o espazo referencial é a casa, as aforas da cidade de Ourense á beira do Barbaña e a casa de novo. O tempo transcorre dende «as dúas da mañá» ata que o «día era grande».

O relato está narrado en primeira persoa, e todo o que se narra está baixo o punto de vista de Manolito, que inflúe directamente na descrición do Suso, do espazo e do ambiente fantasmagórico.

Aínda que os sucesos parecen lineais, están contados a partir dos records («Agora que recordo...»), pero estes feitos, axudados pola técnica do monólogo, parecen presentes. Esta característica imprímelle á historia ritmo narrativo que nada máis se para con pequenas pausas descritivas, porque o pouco diálogo que hai reproduce fielmente o tempo de conversa.

A narración caracterízase por un ritmo rápido, con oracións curtas que se aceleran despois do descubrimento do afogado. Na creación do ambiente de pesadelo colaboran tamén unha serie de procedementos de escritura entre os que destacamos a comparación (moi abundante, e que prima máis o que parece que o que é en realidade) e a antítese: tebras/luz, noite/día, ver/non ver. O discurso vai avanzando a base de repeticións, sobre todo da palabra ollos e do nome do Suso.

Podemos concluír dicindo que este conto, que forma parte dunha obra que, como toda a produción de Ferrín adscrita á Nova Narrativa, supuxo unha ruptura case total coa prosa galega anterior, presenta así mesmo importantes semellanzas coa literatura popular: tanto na estrutura, propia dos contos tradicionais de aventuras –o personaxe sae, supera un proba e regresa cambiado– como no tema da morte relacionado coas historias de fantasmas, de aparecidos ou mortos que se lle aparecen aos vivos, temas tan abundantes na literatura popular galega.

COMENTARIO “DIARIO” D’O CREPÚSCULO E AS FORMIGAS

6. Contextualice o texto de X. L. Méndez Ferrín na época e movemento literario correspondente e identifique e explique dúas características representativas da súa narrativa, recorrendo sempre a exemplos tirados do propio texto. Sinale e explique brevemente outras dúas obras representativas de autores diferentes deste mesmo período. (Ext. aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

“Iste foi unha merda de día. Naturalmente púxenme vermello ao topar a Eusebia Cons na Ferradura. Ela olloume fixamente, cunha ollada de uranio. Debeulle contar o de onte a tódolos sancristáns e mais tódalas vellas da cidade. Entrei nunha eirexa pra me cerciorar. Botáronme as beatas con ollos de uranio. Hai unha clas de mulleres que teñen ollos de uranio. Cómo será o uranio? Un día distes preguntareillo ao meu pai que foi chauffer do Rector. Xa está. Xa vexo claro. Todo é unha manobra do meu pai. Pra me reventar. Fun dereito á miña habitación. E non había medo ningún. Pero deseguida principiei a ver a metade das cousas e comezou a doerme a testa. Sabía que algunha cousa ocorrira na habitación porque fedía a chinchas. Dende logo non era a causa dos chinchas. Sería unha interpretación moi doada. Alí cheiraba ao meu pai. O meu pai estivera na habitación e fumara os meus pitos e andivera metendo o fuciño nos caixóns e probablemente descubrira aquelas roupas íntimas de muller, brancas e puras, que eu merquei un día. Acendéronse as cores de vergoña profunda. Meu pai descubrírame o segredo. Meu pai sabía xa, ou supuña, que eu acostumaba a beixar, en soedade, aquelas prendas. Sobre todo cando levaba chovendo máis dunha semana. Ou cando viña de me amputar un dedo. Metín a testa embaixo do cabezal e sudei vermello, vermello.”

X. L. Méndez Ferrín. “Diario”. *O crepúsculo e as formigas* (1961).

- Contextualización na época (0,5 puntos) e movemento literario (0,5)
- Dúas características (0,5 cada unha).

Exemplos:

- Ruptura da acción lineal, como se aprecia neste texto cando o narrador, a raíz da palabra “uranio”, pensa en preguntarllo ao seu pai e pasa a falar deste, para retomar o fío do discurso máis adiante.
- Este fragmento está próximo a técnica narrativa experimental do monólogo interior, pois un narrador en primeira persoa vai contando os seus pensamentos de xeito desorganizado, con desviacións a raíz de diferentes asociación de ideas, como ocorre no caso do “uranio”.
- Mestura desacougante entre a realidade e o mundo onírico, que se manifesta neste fragmento no estado obsesivo do narrador protagonista, que se sente perseguido, polos “ollos de uranio” das mulleres beatas e polo seu pai. Contribúen á sensación onírica o “fedor a chinchas”, que asocia ao pai, ou o suor “vermello”. Tamén crea esta sensación de irrealidade a unión de elementos aparentemente inconexos, como o gusto do protagonista polas roupas íntimas de muller coa chuvia persistente, de “máis dunha semana”, ou a amputación dun dedo.
- Ambientación en espazos urbanos, sen concretar localizacións: neste fragmento fálase explicitamente da cidade, unha cidade calquera, e a acción sitúase nesta e no interior dunha habitación (que imaxinamos dun edificio).
- Presenza de situacións violentas, que vemos neste fragmento na “amputación dun dedo” ou no “suor vermello” (que remite ao sangue). Incluso a “ollada de uranio” de Eusebia Cons e o resto de beatas resulta moi agresiva para o narrador protagonista. Ademais este tamén transmite unha relación co seu pai moi negativa, obsesiva, dura e tensa (séntese ameazado por el).
- Narrador en primeira persoa protagonista: pronome “me”, verbos en primeira persoa, posesivos de primeira persoa...

- Dous autores e obras representativas: 0,25 cada un.

Aceptamos calquera do período denominado Nova Narrativa (entre 1954 e 1969, ou incluso ata 1980): Carlos Casares, María Xosé Queizán, Camilo Gonsar...